





## Concello de Xermade

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o 31 de decembro e nos termos establecidos pola normativa de subvencións, aplicable ó Concello de Xermade.

En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades propias da Asociación terá vinculación ou relación laboral de ningún tipo co Concello de Xermade.

O Concello de Xermade non terá ningunha responsabilidade civil ou de accidentes individuais do persoal que preste os seus servizos durante a realización das actividades da entidade beneficiaria da subvención, debendo estar esta ao estrito cumprimento da normativa vixente na materia.

QUINTA: Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen **dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023**, sempre que se refiran a gastos correntes de funcionamento da entidade Clube Deportivo Xermade.

Consonte o artigo 19ª da Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade (BOP nº 45 do 24 de febreiro de 2007), en ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Gastos de procedemento xudiciais
- d) Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación
- e) Impostos persoais sobre a renda.

SEXTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei xeral de subvencións, enténdese como gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención durante o período correspondente.

SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:

- 1) Non estar incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e estar ó corrente nas súas obrigas fiscais co Concello.
- 2) Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 3) Someterse ás actuacións de comprobación e control que realiza o órgano municipal competente ou a intervención municipal, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirido por estes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.
- 4) Comunicar ó Concello á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan axiña como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- 5) Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 6) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos nos documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 7) Dar a adecuada publicidade de carácter público do financiamento da actividade subvencionada que sexa obxecto de subvención, co logotipo aprobado polo Concello de Xermade.
- 8) Proceder ó reintegro dos fondos públicos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Os efectos de acreditar ditas obrigas, a entidade deberá presentar no Concello, xunto coa SOLICITUDE, a seguinte documentación:

1. Copia simple dos estatutos en vigor da entidade, así como o acordo de composición actual dos órganos de representación.
2. Copias simple do acordo de nomeamento de quen actúa na súa representación, e o seu DNI.





## Concello de Xermade

3. Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á xustificación pola entidade de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social (art. 14.1.e) LXS) mediante as certificacións indicadas no art. 22RGS (que solo se poden substituír por unha declaración responsable no caso de que o beneficiario non este obrigado a presentalas declaración ou documentos a que se refiren as obrigas anteriores; e en todo caso, o Concello deberá emitir de oficio certificado en canto á situación do beneficiario por obrigas tributarias relacionadas con este ente local.
4. Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que se prevé incorrer na cláusula I deste Convenio.
5. Declaración responsable do conxunto de subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de subvención. A estes efectos, indícase que esta subvención, dende o punto de vista do Concello, é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía, engadida a da subvención outorgada polo Concello, supere o custe da actividade subvencionada.

No prazo máximo de quince días dende a sinatura do presente convenio, o Concello de Xermade procederá ao abono dun anticipo prepagable do 50% do importe da subvención. O 50% restante farase efectivo unha vez se proceda á correcta xustificación do emprego da cantidade total concedida da maneira que se regula no apartado referente á xustificación da subvención (reducíndose proporcionalmente no caso de que a xustificación sexa parcial).

OITAVA: Xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben engadir, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

**A presentación da conta xustificativa realizarase como máximo o 15 de novembro de 2023** aportando, ante o Concello a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada.

- 1) Memoria das actividades efectivamente realizadas e obxecto da subvención durante o período ó que se refire a mesma.
- 2) Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan como xustificación da subvención), e facturas orixinais ou fotocopias cotexadas con xustificación do pago.
- 3) Declaración responsable de que non se alteraron as condicións indicadas nos apartados b) I e III do apartado "solicitud" deste convenio, ou indicación das circunstancias que teñan variado con respecto ás mesmas. No caso de que os certificados aportados non estiveses vixentes, deberán aportarse outros novos.
- 4) Certificación de estar ó corrente coas obrigas tributarias (Axencia Estatal de Administración Tributaria, Atriga e Facenda Municipal, que será expedida de oficio polo Concello, e Seguridade social.
- 5) Certificado de titularidade da conta bancaria na que se realizará o abono da subvención.
- 6) Xustificación mediante fotografía correctamente testificada do cartel indicativo da subvención percibida polo Concello, ós efectos da necesaria publicidade das mesmas. (art. 18.4 LXS).

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.

A xustificación da subvención será aprobada por Decreto da Alcaldía, previa fiscalización por parte da





## Concello de Xermade

---

Intervención municipal.

NOVENA: Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades recibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a intervención ou o órgano municipal competente, así como polo resto de circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da lei xeral de subvencións.

DÉCIMA: Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello e polo órgano competente da entidade beneficiaria.

DÉCIMO PRIMEIRA: Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes.
- O incumprimento total ou parcial das obrigacións estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA: Infraccións e sancións: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA: O presente Convenio ten natureza xurídico administrativa. As cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente e, no seu caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA: Para o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, 21 de xullo, e o resto da lexislación de Réxime Local reguladora de subvencións públicas e do procedemento administrativo.

DÉCIMO QUINTA: As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello vixentes, en especial o título 5 do procedemento para concesión de axudas e subvencións e as bases da 44 a 51 de Execución do orzamento do Concello de Xermade para o ano 2023, que a entidade beneficiaria declara coñecer, e a normativa de aplicación na materia.

E sen máis que manifestar, en proba de conformidade, por duplicado exemplar, asinan este convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde

O representante do Clube Deportivo Xermade

A secretaria-interventora

